

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<b>PROCEDEMENTO</b> <b>SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA NA ESCOLA</b> <b>INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA"</b>	<b>CURSO 2020/2021</b> <b>DOCUMENTO</b> <b>SOLICITUDE RESERVA</b>
--	---

### DATOS DA NENA OU DO NENO

APELIDOS	NOME
DATA DE NACEMENTO	

### DATOS DE: NAI, PAI, TITORA OU TITOR LEGAL

NIF/NIE	APELIDOS	NOME		
ENDEREZO		LOCALIDADE	PROVINCIA	C.P.
CENTRO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SS.SS	TELÉFONO DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO	

### DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (INCLUIDA A PERSOA SOLICITANTE)	NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
Nº MEMBROS UNIDADE FAMILIAR			SUMA DE INGRESOS TOTAIS		





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

Vostede, D. /D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI  
\_\_\_\_\_, declara ser titor/a de  
\_\_\_\_\_ polo tanto, procedemos a informarlle  
do tratamento de datos de carácter persoal que faremos.

O Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección en RUA REAL N° 13, 15600 - PONTEDEUME (A CORUÑA); correo@pontedeume.gal

**1 DPO:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEDEUME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@pontedeume.gal

**2 Finalidade do Tratamento:** Os datos serán utilizados para atender a súa solicitude de praza na Escola Infantil Municipal, así como para levar a cabo a xestión administrativa que se poida derivar da mesma: admisión, matrícula, abono de cuotas...

**Datos de Saúde:** Có único fin de salvagardar a seguridade do menor, poderemos solicitarlle información sobre o seu estado de saúde, alerxias ou intolerancias alimentarias. De este xeito evitaremos calquera incidente á hora de organizar as actividades do Concello. Deberá terse en conta que, no caso de omitir algún tipo de información ou de que non nos informe correctamente, poderán producirse danos no menor do que só vostede será responsable. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de admisión no Centro de Atención á Infancia do CONCELLO DE PONTEDEUME.

**Uso De Fotografías:** Co fin de promocionar as actividades organizadas pola Escola Infantil Municipal, gustaríanos que nos autorizase a utilizar as fotografías do menor nas redes sociais e/ou páxina web www.pontedeume.gal deste Concello. Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:

Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do menor a través das redes sociais e da páxina web mencionada.

Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do menor a través das redes sociais e da páxina web mencionada.

**Prazo de Conservación:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

**3.- Lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado pola Lei 3/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia en concordancia co artigo 6 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á Familia e Convivencia de Galicia e/ou polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

Para o uso de fotografías, a lexitimación baséase única e exclusivamente no seu consentimento. Por eso, non poderemos utilizar os datos persoais do menor con estes fins, salvo que vostede marque a casa na que nos outorga o seu consentimento.



**4.-Destinatarios de Cesiones:** Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

CONCELLO DE PONTEDEUME cederá os seus datos de carácter persoal á empresa Fesán, contratada para desenvolver as actividades pedagóxicas da escola, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.

- Empresas, provedores e administracións públicas colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE PONTEDEUME directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionáís, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

**5.- Dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE PONTEDEUME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en [correo@pontedeume.gal](mailto:correo@pontedeume.gal), sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.